

## MILES DE PERSOAS MOBILIZÁRONSE EN GALICIA NESTE PRIMEIRO DE MAIO PARA “PROTEXER O CONQUISTADO, GAÑAR FUTURO”

**Redacción.-** Miles de persoas, convocadas por UGT e CCOO, mobilizáronse este xoves nas cidades e vilas galegas -A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vilagarcía e Vigo (acto central)- para celebrar este Primeiro de Maio baixo o lema “Protexer o conquistado, gañar futuro”.

Porque son moitos os avances conseguidos nestes últimos anos en materia social e laboral, reforma laboral, pensións, SMI... pero hai que seguir traballando, no contexto do diálogo social, porque aínda son moitas as eivas e hai que estar firmes na defensa do conquistado ante as ameazas que o cuestionan. Este Primeiro de Maio converteuse nunha gran mobilización pola democracia, a liberdade e os dereitos.

Hai que lembrar que este ano, de novo, o Primeiro de Maio celebrouse nun contexto marcado por varios conflitos bélicos abertos e, ademais, cunha nova ameaza, as decisións do presidente dos Estados Unidos, un contexto global de profundas transformacións no que o sindicalismo debe ser unha ferramenta esencial para construír sociedades máis xustas.

Neste Primeiro de Maio tamén se demandou máis Europa fronte ás políticas ameazantes da nova Administración Trump, coa imposición de aranceis que ameazan gravemente o comercio mundial, o que esixe por parte da UE dunha resposta contundente que tamén debe dirixirse ás políticas das extremas dereitas que promoven o desmantelamento do Estado de benestar, a deterioración dos servizos públicos, o odio á diversidade, a oposición a políticas de igualdade, a súa defensa do racismo e a xenofobia ou o negacionismo da crise climática.

No contexto máis próximo, UGT demandou seguir apostando por máis e máis diálogo social porque aínda son moitas as eivas que hai que solucionar. É o momento de dar un novo impulso á calidade do emprego e á distribución xusta da riqueza que xera a economía. Os salarios creceron pero lonxe dos beneficios do capital. Polo que hai que abordar a negociación colectiva en mellores condicións para poder gañar poder adquisitivo.

Por outra banda, a evolución dos principais indicadores económicos, o aumento sostido da produtividade nas últimas décadas, o cambio estrutural nos sistemas de produción e, sobre todo, o incremento continuado das marxes empresariais, constatan que temos agora a oportunidade e a responsabilidade de dar un paso decisivo: reducir a xornada laboral a 37,5 horas semanais sen diminución salarial. Un camiño que debe ir cara as 32 horas, como obxectivo final. Esta redución da xornada



laboral contribuirá, ademais, a repartir mellor o tempo e a riqueza, favorecendo a conciliación, a saúde laboral e a creación de emprego de calidade.

Outra materia pendente é a reforma normativa do despedimento para que as indemnizacións recuperen a súa función disuasoria e reparadora, tal e como esixe a Carta Social Europea, e para reinstaurar os salarios de tramitación, eliminados na reforma laboral de 2012.

Neste 1º de Maio tamén se demandou poñer fin á lacra insoportable da sinistralidade laboral, hai que acometer canto antes unha nova Lei e articular un Plan de Choque. Tamén necesitan reforzarse as políticas activas de emprego, orientándoas de maneira personalizada para mellorar a empregabilidade das persoas en desemprego, combatendo especialmente o paro de longa duración que en Galicia afecta a 33.200 persoas. Tamén hai que seguir denunciando que as mulleres seguen a soportar maiores taxas de desemprego, maiores índices de parcialidade e unha brecha salarial de case 18 puntos.

Ademais, existiu un berro unánime para demandar solucións para o gran problema do mercado da vivenda. A vivenda ten que deixar de ser unha cuestión política e debe converterse nun verdadeiro dereito. Urxen medidas determinantes e eficaces.

Nesta data UGT tampouco se esqueceu das persoas migrantes, sobre todo, nun momento no que proliferan os discursos xenófobos. Urxe previr e frear o racismo, a escalada de violencia contra as persoas migrantes e a permisividade cara os discursos que fomentan o odio.

En todas as manifestacións fíxose un chamamento á mobilización en defensa dos dereitos sociais e laborais e en respaldo ao proxecto europeo como pilar de democracia social, convivencia e progreso. Agora máis que nunca, é necesario protexer o conquistado e gañar.



## O PRIMEIRO DE MAIO EN IMAXES





## OFRENDAS FLORAIS NESTE PRIMEIRO DE MAIO

A Coruña, Santiago, Ourense e Vigo



## UGT ORGANIZA EN GALICIA DIVERSOS ACTOS PARA CONMEMORAR ESTE 28 DE ABRIL

**Redacción.-** Un ano máis, UGT-Galicia lamentou que o 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, tivo que celebrarse denunciando a secuela da sinistralidade laboral que continúa presente no mercado laboral galego. E este ano (dous primeiros meses, datos do Ministerio) arrancou, neste senso, con cifras moi negativas, cun incremento da sinistralidade laboral do 2,4% en relación ao mesmo período de 2024. Ademais, no 2024, en relación ao 2023, a sinistralidade mortal aumentou un 14,3% e un 14,4% a grave. E xa van 9 falecidos nos dous primeiros meses de 2025, tres máis que hai un ano.

Custa moito dixerir como ano tras ano continúan producíndose accidentes por causas facilmente evitables. De feito, UGT-Galicia conmemorou esta data baixo o lema “A prevención salva vidas, esíxea”.





# É ESENCIAL REFORMAR AS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO E AUMENTAR TANTO OS RECURSOS ECONÓMICOS COMO HUMANOS DO SEPE

**UGT considera fundamental reforzar os esforzos para completar a pasada reforma do mercado laboral, de maneira que siga aumentando a calidade e cantidade do emprego**

**Redacción.-** Os datos da primeira EPA do ano 2025 publicados este luns rexistran unha caída trimestral do emprego de 3.200 persoas ocupadas, que se debe á estacionalidade propia deste período do ano, no que se perde gran parte do emprego creado para a campaña do Nadal. Doutra banda, o número de persoas desempregadas rexistrou un aumento de 1.600 persoas polo mesmo motivo. A taxa de paro queda así no 8,8%.

En termos anuais, o número de ocupados aumenta en 22.400 (un 2% máis) e o de persoas desempregadas redúcese en 20.600 (un 15,7% menos).

Por tanto, a pesar de tratarse do peor trimestre do ano polas mencionadas razóns estacionais, o comportamento do emprego nesta ocasión pode considerarse positivo, en liña coa evolución do mercado laboral nos últimos anos. Con todo, a recente guerra arancelaria aberta polo Goberno dos Estados Unidos xerou incerteza nos mercados e pode afectar ao comercio internacional, o que tería uns efectos perniciosos na economía mundial e, probablemente, na española. Por tanto, será moi relevante avaliar os datos do seguinte trimestre tendo xa en conta o cambio de orientación que houbo na evolución económica.

A información coñecida este luns reflicte datos que avalan o bo momento do noso mercado laboral. Entre eles, a fortaleza da creación de emprego, que mantén un sólido ritmo de crecemento anual do 2%, e a mellora na calidade do emprego, que segue sendo unha realidade e que se pode apreciar no aumento do número de persoas con contrato indefinido, 32.600 máis que no mesmo trimestre do 2024, e na redución da taxa de temporalidade, que se sitúa no 13,7%, 2,2 puntos inferior á rexistrada no último trimestre de 2024, e 10,6 puntos menos que no cuarto trimestre de 2021, antes de que entrase en vigor a última reforma laboral.

Con todo, o mercado de traballo continúa arrastrando problemas estruturais que requiren de solucións. A economía galega rexistra aínda unha elevada taxa de paro, que, a pesar de que se reduciu drasticamente nos últimos anos, aínda permanece no 8,8%. Ademais, persiste un alto paro de longa duración, 33.200 persoas nesta situación, o que implica que case 3 de cada 10 persoas desempregadas levan máis dun ano buscando emprego. Doutra banda, a parcialidade involuntaria segue sendo moi elevada (43,8%), e constitúe unha das principais causas da pobreza laboral.

Para abordar de maneira efectiva estes

problemas estruturais do mercado laboral, é esencial reformar as políticas activas de emprego e aumentar tanto os recursos económicos como humanos do SEPE. Só así será posible ofrecer unha orientación laboral personalizada que potencie a empregabilidade das persoas desempregadas e desenvolver unha intermediación laboral real, capaz de influír positivamente na creación de emprego.

Doutra banda, ante o fallo do Comité Europeo de Dereitos Sociais que declara o custo do despedimento insuficientemente disuasorio, é fundamental reformar o despedimento en España para que se axuste á Carta Social Europea Revisada de modo que se mellore a protección das persoas traballadoras. Un custo de despedimento disuasorio e reparador é imprescindible para mellorar o funcionamento do mercado laboral e reforzar os dereitos das persoas traballadoras.

En definitiva, con motivo da celebración do 1º de Maio, é fundamental reforzar os esforzos para completar a pasada reforma do mercado laboral, de maneira que siga aumentando a calidade e cantidade do emprego, protexendo ás persoas traballadoras cun custo do despedimento efectivamente disuasorio e reparatorio e mellorando as políticas activas de emprego.

Paralelamente, é crucial lograr subidas salariais na negociación colectiva que amplíen a capacidade adquisitiva das persoas traballadoras. Por último, debe implementarse xa a redución legal da xornada de traballo, coa perspectiva a medio prazo de alcanzar as 32 horas semanais.

## Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 22.400 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 2%) e, en relación ó cuarto trimestre de 2024, hai 3.200 ocupados menos, o que supón unha baixada do 0,3%.

Aínda que a EPA amosa un bo comportamento da situación laboral desta Comunidade, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53%, fronte ó 58,6% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 20.600 persoas, o que supón o 15,7%. E, en relación



ó trimestre anterior, o desemprego subiu un 1,5%, en 1.600 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 111.000 persoas desempregadas, no 8,8%. No caso dos homes esta taxa é do 8,2% e do 9,4% no caso das mulleres. Entre os menores de 30 anos esta sube ata o 18,3%.

Por sectores, interanualmente, o emprego mellora, na industria, cunha suba da ocupación dun 12,1% (21.100 ocupados máis), e no sector servizos, cun incremento do 1,5% (11.800 ocupados máis). Pola contra, baixa no primario, nun 13% (9.700 ocupados menos), e na construción, nun 1% (800 ocupados menos).

Hai en Galicia un total de 940.100 asalariados, baixando con respecto ó trimestre anterior en 8.100 (0,9%), e ó ano soben en 20.900 (2,3%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 13,7%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,2%. En relación ao trimestre anterior, os asalariados con contrato indefinido subiron en 13.900, o que supón un 1,7%. O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 14,02%, sendo o 43,8% da mesma de carácter involuntario.

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 42.400 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 26.800 fogares que non perciben ingresos. Das 111.000 persoas que están no desemprego, 33.200 levan máis dun ano nesta situación. Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.